

DECRETO DA ALCALDÍA

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións regula a obriga para os órganos das Administracións Públicas,, e calesqueira entes públicos responsables da xestión de subvencións, de elaborar un plan estratéxico de subvencións no que deben concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O citado artigo 8, foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento, que aínda que non resulta aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

O devandito plan estratéxico debe confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se susciten deben estar recollidas en dito Plan estratéxico de subvencións municipais que, por outra banda, non é unha figura inamovible senón que pode ser modificado en base ás necesidades e circunstancias que así o fagan conveniente.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, na sesión celebrada o día 4 de setembro de 2017, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións 2017, que posteriormente foi modificado por decreto da Alcaldía de data 16 de novembro de 2017.

Sendo que non se ten aprobado novo orzamento para o exercicio económico 2018 produciuse a prórroga automática do orzamento do exercicio anterior ata o límite global dos seus créditos iniciais, polo que, con data 3 de xaneiro de 2018, por esta Alcaldía se ditou decreto dispoñendo o axuste de baixas de créditos e previsión de ingresos.

En tal circunstancia transitoria de prórroga orzamentaria o mantemento da actividade administrativa ordinaria fai aconsellable prorrogar, así mesmo, a vixencia do Plan Estratéxico de Subvencións.

En base ao exposto e tendo en conta as competencias que teño atribuídas segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/185, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 41 do Real Decreto 2568/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

DISPOÑO

Primeiro.- Avogar a competencia, para este caso concreto, que ostenta a Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Prorrogar para o ano 2018 o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do día 4 de setembro de 2017 e ata que non se teña aprobado o novo Plan Estratéxico de Subvencións adaptado ao novo orzamento que, no seu caso, se aprobe.

Terceiro.- A contía asignada a cada unha das liñas de subvención terá como límite o crédito inicial que para cada unha delas se contempla no orzamento prorrogado.

Cuarto.- A concesión de subvencións por parte do Concello de Lalín deberá axustarse ao disposto en dito Plan e, en todo caso, estará condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio.

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

